

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DO 30 DE ABRIL DE 2013

Ás 9.40 h, en segunda convocatoria, no Paraninfo da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Claustro que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa Orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**, xustifican a súa ausencia os Sres. Daniel Pena Agras, Juan José Pernas García, María Jesús Dios Viéitez, Rosa Mariz Pérez, Ana Sánchez Bello, Laura García Fernández, Manuel Recuero e Andrea González dos Santos.

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión do 13 de decembro de 2012

Tras a comprobación do *quórum* legal para realizar a sesión, o reitor abre esta e dálle a palabra ao secretario xeral, quen explica que a acta enviada hai dez días foi modificada nas páxinas 17 e 18 para atender unha alegación do profesor Andrés de Blas. A modificación foi circulada onte aos claustrais por correo electrónico.

O reitor somete á aprobación do Claustro a acta da sesión do 13 de decembro de 2012, que se aproba por asentimento.

2. Debate e aprobación, se proceder, do informe de xestión do reitor correspondente ao ano 2012

O reitor comeza a súa exposición sinalando que, desde o pasado día 19 de abril, está dispoñible a memoria de xestión do reitor correspondente ao ano 2012.

No documento, de 200 páxinas, recóllese toda a información precisa para coñecer e avaliar a xestión do reitor. Cabo dela, inclúense valoracións e informacións complementarias sobre as distintas áreas de responsabilidade en que o equipo de goberno ten distribuídas as súas funcións.

Consonte o principio de transparencia e como se veu facendo nos últimos anos, a información sobre a xestión propiamente dita complementase con cadros, táboas e indicadores que permiten ampliar a panorámica sobre a

evolución da nosa Universidade ao longo do ano e dispoñer, ademais, de información de utilidade basicamente documental.

O orzamento da UDC baixou en 2012 a un nivel inferior ao de 2008. Se as contas de 2011 xa diminuíran máis de 8 millóns de euros, as de 2012 engadiron unha perda nos recursos dispoñibles doutros 6,4 millóns. Dito doutro xeito: en só dous exercicios acumulamos un retroceso orzamentario de 14,6 millóns de euros.

Este é o escenario económico co que enfrontamos os gastos e investimentos ao longo do ano, parte do cal (exactamente ata abril) se executou co orzamento prorrogado de 2011.

Este é, tamén, o escenario producido polo recorte dos fondos do Plan de financiamento do sistema universitario galego e das achegas para apoio ao estudantado e á investigación.

Nun contexto así, o esforzo do equipo de goberno centrouse en manter as prioridades da programación plurianual. E, sobre todo, en prestar atención prioritaria ao alumnado e á cualificación e mantemento do persoal. Unha vez que a Xunta de Galicia toma a decisión de reducir os fondos, tratouse de suavizar os seus efectos sobre o noso principal activo, que non é outra cousa que o talento das persoas que traballan na Universidade. A prioridade son as persoas e, xa que logo, a preocupación principal pasa, en primeiro lugar, por enfrontar o impacto das medidas das administracións públicas que lle afectan á igualdade de oportunidades para acceder aos estudos universitarios.

Así, un Real decreto do 20 de abril converteu as taxas que pagan os estudantes para se matricularen de grao ou mestrado nunha porcentaxe do custo do servizo, cunha suba inicial de entre o 15 e o 25%. Para os mestrados non profesionalizantes o abano púxose de partida entre o 40 e o 50%. Mais a propia exposición de motivos do decreto establece que se irá a un aumento progresivo ata alcanzar o custo total.

Dous meses despois, o 29 de xuño, o Consello de Ministros decidiu incrementar as esixencias académicas para obter a condición de bolseiro xeral e para acceder ás bolsas-salario, con novos requisitos tanto na nota das probas de acceso á Universidade como na porcentaxe de créditos aprobados en segundo e restantes cursos.

Nunha declaración en defensa da Universidade pública, o Claustro opúxose por unanimidade á suba do custo das matrículas universitarias, lembrou que xa pedira a súa conxelación en 2008 e defendeu o dereito de todas e todos a unha educación superior universal, pública e de calidade. A Xunta de Galicia foi sensible ás demandas da comunidade universitaria e optou por conxelar o prezo da primeira matrícula. Por desgraza, non foi así noutras partes do Estado, onde moitas comunidades autónomas aproveitaron para aplicar subas realmente brutais.

Outro dos eixes da xestión de 2012 orientouse a suavizar os efectos da redución de recursos sobre os cadros de persoal, tanto no caso do persoal docente e investigador como no de administración e servizos.

Mentres foi posible, no ámbito do PDI e en aplicación dos criterios de promoción e estabilización, convocáronse 58 prazas de profesorado doutor permanente ou con compromiso de estabilidade. Non obstante, a progresión na mellora cualitativa do noso cadro de persoal docente e investigador estase vendo atrancada xa por novas disposicións estatais e autonómicas. Disposicións que minguan seriamente a capacidade das universidades para exercer a súa autonomía. Entre outras cousas, limítase o custo do persoal, a taxa de reposición non pode superar un 10% e prohíbense as medidas para incentivar a xubilación voluntaria, que nos estaban dando bos resultados.

Canto ao persoal de administración e servizos, comezamos a negociación dunha nova RPT e en xullo asinamos coas organizacións sindicais un acordo para principiar o proceso de funcionarización do persoal laboral. Deste xeito, cumprimos o mandato dos Estatutos de integrar progresivamente o persoal de administración e servizos nun corpo único.

A captación de recursos para investigación experimentou un importante repunte (2,6 millóns), logo da brusca caída de 2011 ocasionada pola non convocatoria dos plans competitivos autonómicos e pola diminución de contratos e convenios coas administracións públicas e coas empresas. Estamos diante dun indicador obviamente positivo, mais débemolo interpretar con prudencia, pois estamos vendo como seguen a caer, en exercicios sucesivos, os recursos públicos para proxectos competitivos.

A Confederación de Sociedades Científicas de España estima que nos últimos catro anos caeu un 31% o financiamento da I+D e agora mesmo

segue no aire a convocatoria do Plan Nacional para este ano. Hai uns días transcendeu que España xa non ocupa a a novena posición no ránking mundial por publicacións científicas. Cedeulle a praza á India e as previsións indican que os resultados do retroceso actual se irán reflectindo en posteriores perdas de posicións.

Ao longo do ano a Universidade da Coruña incorporou ás súas regulamentacións os cambios legislativos en materia de transferencia. Así mesmo, participamos na primeira convocatoria para avaliar os grupos de investigación por parte da Asociación Nacional de Evaluación y Prospectiva (ANEP). O coñecemento dos nosos puntos fortes e febles permitíranos avanzar na mellora e tamén no financiamento plurianual dos grupos.

En paralelo, despexadas as dúbidas e pechada a reforma dos estudos de doutoramento, as universidades galegas concordamos nunhas bases comúns para os respectivos regulamentos destes estudos. Nós aprobámolas en xullo. Sobre esta base e acollidos ás previsións da Lei de ciencia de 2011, contra fin de ano acordamos crear a Escola Internacional de Doutoramento da UDC. Esta escola asumirá en diante a organización, supervisión e seguimento de todas as actividades propias dos estudos de doutoramento. Estou seguro de que, tanto desde a óptica do profesorado como do estudiantado, a Escola axilizará e mellorará a xestión e potenciará a formación investigadora. Cómpre anotar aquí que en 2012 se incrementou case un 25% o número de teses lidas nos nosos centros.

O reitor coida que ao longo do primeiro ano de xestión se fixo un sólido traballo no ámbito da internacionalización, que é unha liña estratéxica de actuación para os vindeiros anos. Incrementamos e melloramos a mobilidade de estudantes, profesorado e persoal de administración e servizos e potenciamos a promoción da UDC no eido internacional. Para captar máis estudantes estranxeiros, ademais de asinar máis convenios xerais ou específicos, emprendemos dúas accións importantes.

En primeiro lugar, a participación en programas internacionais de mobilidade académica, como o programa “Ciencia sen fronteiras”, que trouxo 50 alumnos e alumnas brasileiros.

En segundo lugar, coa activación do programa de docencia en inglés, co que se incentiva (con redución de docencia, obradoiros ou cursiños) a

ampliación da oferta de materias en inglés. Unha acción fundamental para captar máis estudantes foráneos, ao tempo que o noso alumnado mellora as súas propias opcións de mobilidade.

Resulta, tamén, o camiño axeitado para procurar dobres ou múltiples titulacións con universidades estranxeiras. A día de hoxe un 40% dos mestrados teñen carácter interuniversitario, mais aínda son poucos os vinculados a universidades de fóra do Estado.

Mantemos unha matrícula estable tanto en grao e mestrados como en doutoramento, mentres consolidamos as estruturas de aseguramento da calidade, con pasos como a creación da figura do responsable de calidade nos centros.

O reitor conclúe que os recortes e as disposicións legais condicionaron gravemente a nosa capacidade de actuación e limitaron a nosa autonomía. A UDC optou por centrarse na defensa do seu talento, que é o gran activo que ten a Universidade, e en protexer o dereito ao acceso aos estudos superiores.

Como consecuencia, houbo que deixar as infraestruturas en segundo plano e recortar gastos en centros e departamentos. Mais non nos apartamos un chisco do noso compromiso coa mellora da calidade en todos os ámbitos, co fomento da investigación e coa promoción da internacionalización. Isto é: non nos apartamos do noso compromiso co modelo de Universidade pública de calidade que defendemos e queremos para a Universidade da Coruña.

Rematada a súa exposición, o reitor abre unha quenda de intervencións.

Jordi Delgado comeza valorando que a memoria entregada aos claustrais é completa e a intervención do reitor moi sucinta. Considera que tocou moi pouco temas preocupantes, como o das infraestruturas. Reclama unha valoración sobre o futuro das infraestruturas científicas e dotacionais (residencias universitarias). Sobre a valoración da ANEP, é moi crítico, pola falta de transparencia do proceso e o cambio de regras de valoración. Considera que, en materia de publicacións, seguimos á cola.

Luis Castedo di que lle gustou máis o formato do ano pasado, en que non se votou a memoria de xestión do reitor. Hai indicadores que son positivos,

e cuxa mellora debe agradecerse a toda a comunidade universitaria. Preocúpalle saber cal é a situación económica real da UDC. Interésase tamén pola legalización dos edificios. Que custo ten? Solicita confirmar se vai supor 800 000 € Tamén lle preocupa o peche dos edificios, que está a deterioralos por desuso. Que sucede co CITEEC? Está descartada xa a área residencial do campus de Elviña? Vai haber residencia en Ferrol? Que se vai facer coa titulación de Medicina? Como van ser as taxas universitarias para este ano? Traslada a súa preocupación sobre a situación económica xeral que atravesamos o país. Preocúpalle o inmovilismo. Pídelle ao reitor que aclare cal é o seu modelo de xestión pública. Non pode consistir no financiamento incondicionado e na ausencia de rendición de contas á sociedade. Ten que haber máis participación da sociedade civil. Solicita que o reitor aclare que concepto ten da autonomía universitaria.

Manuel Casteleiro considera que cumpriría aproveitar os datos da memoria para analizar as fortalezas e debilidades da nosa UDC de cara á planificación estratéxica que se está a elaborar.

José Manuel Estévez Saa opina que os números que constan sobre investigación e transferencia non se corresponden coa calidade dos nosos grupos de investigación, que teñen un gran potencial. Considera que a Xunta fixo un esforzo en financiar a investigación, fronte ás políticas da Administración xeral do Estado. A burocracia administrativa que impón a Universidade, ao seu xuízo, supón desincentivar a presentación de proxectos aos fondos comunitarios.

José Ramón Méndez Salgueiro céntrase na figura pública do reitor. En primeiro lugar, cita dúas sentenzas sobre o seu procedemento disciplinario, e lembra que recusou reiteradamente ao reitor. Solicita que as sentenzas se entreguen coa memoria do reitor. Por último, respecto das UXAI, considera que se trata dunha medida discriminatoria contra os centros do campus de Ferrol que non votaron o reitor. Considera que a súa implantación está a ser un atropelo e un gasto inxustificable. Di que houbo unha ampliación do despacho da vicexerenta que custou 20 000 €

Andrés de Blas agradece que se convocara o Claustro en tempo e forma. Considera que a memoria é prolixa. No entanto, a xestión dos fondos da Universidade é moi mellorable, porque hai moitas necesidades non atendidas nos grupos de investigación. Cómpre xestionar mellor os fondos de investigación. En materia de docencia, considera que a impartición de

aulas en inglés debe garantir a súa calidade, cousa que agora non se fai, porque non se comproba a capacidade docente do profesor nesta lingua.

Alejandro Pazos destaca o que, ao seu xuízo, pode ser cualificado de comportamento sectario do reitor e do valedor universitario contra o que consideran os seus adversarios políticos. Hai falta de transparencia nos procesos como a avaliación da investigación feita pola ANEP. Considera que desde a UDC se presentan poucos proxectos a procesos de concorrencia competitiva por culpa do vicerreitor de Investigación. O desleixo nas infraestruturas do campus é vergoñento; parece Zambia. O panorama é desolador.

Salvador Naya intervén para criticar as opinións vertidas contra a avaliación da investigación por parte da ANEP. Considera que é indiscutible a competencia e capacidade deste organismo para valorar por pares externos a investigación de xeito obxectivo, con todos os matices que se queiran. Os erros que se poidan producir son reparables, mais é fundamental contarmos cunha ferramenta como a da avaliación externa para podermos facer a planificación correcta da política propia de apoio á investigación.

Fermín Navarrina considera que a memoria de xestión é un documento importante para valorar as políticas non só nun plano cuantitativo, senón tamén cualitativo. O recorte orzamentario, pese a non ser brutal, ten múltiples consecuencias, pola estrutura do gasto da Universidade, sen perspectivas de compensación por fontes orzamentarias a curto prazo. Suxire que se detallen mellor e, nalgún caso máis, os datos, para que saibamos o que está a suceder nos centros, nos departamentos e nos grupos de investigación. Solicita unha valoración a curto prazo sobre o impacto dos cambios do sistema de financiamento da Universidade na nosa realidade.

Xosé Portela considera que o proceso de funcionarización adoece dunha mellor determinación dos prazos para desenvolvelo. Non se comentan na memoria as contratacións realizadas ao abeiro do capítulo VI (convenios coa Xunta, proxectos, FUAC), que están feitas en fraude de lei, ao seu xuízo. Isto significa que en momentos de vacas fracas, a UDC deberá facer fronte a importantes indemnizacións. Require á universidade para que resolva estas irregularidades e elimine a externalización de servizos. Cada vez máis, os límites de prazos para os estudantes devirán innecesarios,

porque non van poder estudar por falta de cartos para pagar a matrícula. Comenta a rebaixa do 5% do salario imposta pola Xunta: considera que incumpre o plan de financiamento, polo que solicita que se recorra perante os tribunais de xustiza e, de ser o caso, se aclare cando e como se vai proceder a rebaixar as retribucións dos traballadores para cumprir a lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2013.

Anxo Calvo refírese aos datos sobre planificación económica que contén a memoria de xestión. Valora positivamente os datos da liquidación de 2011, aínda que xa recolle o impacto dos recortes orzamentarios, con saldos negativos (cadro 208), mais aplicando unha política prudente, con provisións conservadoras, que se proxecta tamén sobre o orzamento de 2012 e 2013 para coadjuvar á conservación do talento, dos recursos humanos docentes e investigadores e á garantía do acceso igualitario dos estudantes ao ensino superior. A cuestión da autonomía financeira é moi interesante, mais se cada vez hai menos recursos, mal se vai poder reclamar. Solicita información sobre a repartición dos fondos variables do acordo de financiamento: como queda a Universidade da Coruña? Mellorou ou non? En segundo lugar, sobre a internacionalización, considera que hai que exixir nivel de idioma tamén aos profesores, e nesa liña está a traballar xa a vicerreitoría competente.

Ricardo García Mira fai fincapé nalgúns aspectos que chamaron a súa atención. Considera que o mérito dos bos resultados non é só da comunidade universitaria, senón compartido co goberno universitario. As cifras seguen unha senda positiva, mais o esforzo ten que ser maior para situarnos mellor no contexto comparado. Bota en falta explicacións nos cadros sobre a filosofía directriz que explica a mellora dos datos que constan nas táboas. Bota en falta información sobre os grupos de investigación competitivos da nosa Universidade e considera que toda esta información debe ser moi estudada para facer unha correcta planificación estratéxica cara o ano 2020. Sobre a captación de recursos de investigación no mundo empresarial, bota en falta a existencia de plataformas universidade-empresa que permitan favorecer a transferencia de resultados. Neste sentido, considera que o Consello Social segue a funcionar igual que hai 15 anos. Por último, opina que a UDC debería asumir un endebedamento razoable, para non ser penalizada pola súa xestión orzamentaria prudente e poder así ser expansiva na corrección dos seus desequilibrios históricos. A docencia en inglés debería ser avaliada.

Teresa López comparte a valoración positiva dos datos contidos na Memoria. Valora positivamente a mellora cualitativa do profesorado, que acadou un número importante de doutores. Pregunta polas medidas que se poden facer para priorizar a conservación e mellora do PDI.

José Carlos Santos Paz comenta os datos de matrícula nas distintas titulacións. Non aprecia un descenso notable na matrícula. Neste curso 2012 remata a implantación dos graos, o que requiriu un grande esforzo colectivo. Os requisitos de viabilidade esixidos pola Consellaría foron atendidos polos profesores con seriedade, mais esa mesma seriedade non foi a regra de comportamento da Consellaría, que cambia as regras constantemente. Pregunta sobre as políticas máis recentes sobre títulos, tanto da Xunta de Galicia, como por parte da UDC.

Xosé Lois Martínez comeza opinando que a situación de crise económica non é igual para todo o mundo e que a esquerda non pode asumir os relatos que fai a dereita da realidade. Os estudantes da Universidade da Coruña están infrafinanciados porque teñen que pagar residencia privada e o transporte público é do máis caro de España por quilómetro. Pregúntalle á vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas canto se lle leva pagado á Fundación María José Jove nos últimos anos para manter o prezo dos alugueiros. Non pode crer que o equipo de goberno da UDC renunciase á Area Residencial Universitaria. Sinala tamén que en Arquitectura baixaron os efectivos de profesorado. Defende o convenio co COAG, que vén atendendo desde hai vinte anos as especificidades do traballo profesional dos arquitectos. Sobre os pagos dos sexenios, considera que se podería ter utilizado o diñeiro destinado á empresa construtora do CICA.

Ana Iglesias pon en relación a actividade da universidade coa política de bolsas. Dado que a política do Ministerio é draconiana, que política vai ter aquí a Universidade? Que vai pasar cos estudantes que non poden pagar a matrícula ou non teñen o rendemento académico que agora se esixe? Imos actuar con responsabilidade social neste ámbito? Imos deixar que se substitúan as bolsas polos préstamos?

Felipe Fernández intervén sobre varias cuestións que afectan ao PAS. Aprobouse unha nova RPT. Chámalle a atención que desde algúns ámbitos se piden reformas e ao mesmo tempo se critican. Demanda que os procesos de desenvolvemento da RPT se fagan axiña, con prontitude, para lograr mellorar a eficiencia da institución e as aspiracións lexítimas do PAS.

Xurxo Dopico comenta que no seu centro, o INEF, se perdereon cinco postos de profesores (1200 horas), e non se solicitaron as prazas por responsabilidade e lealdade á institución. Considera tamén que a autonomía universitaria está recoñecida na propia Constitución, e debe ser defendida, conservada. Unha das súas condicións é o financiamento suficiente para un funcionamento básico de calidade, polo que pregunta é, se o teito de gasto está sendo respectado pola universidade, porque non se permite xestionar o noso orzamento con autonomía? Por que non se poden convocar as prazas docentes para atender os compromisos de promoción, ou ofertar as titulacións que se consideren oportunas? Opina que a autonomía universitaria non existe, porque desde o ano 2012 as universidades están sendo intervidas e pregúntalle ao reitor como se pode defender a autonomía.

Feitas as anteriores intervencións, o reitor contesta conxuntamente.

Nun contexto de fortes recortes inducidos desde a Administración xeral do Estado e a Xunta, as prioridades no 2012 foron conservar os recursos humanos, tanto do PDI como do PAS. Aí foi onde se centraron os esforzos, con distintas medidas que son explicadas na Memoria: convocatoria de prazas de PDI até que a Avogacía do Estado impugna prazas, reordenación de efectivos do PAS mediante a funcionarización e a creación das unidades de xestión académica integrada (UXAI) e unidades de apoio a departamento e investigación (UADI).

As licenzas pendentes do campus de Elviña e A Zapateira agárdase que sexan concedidas unha vez aprobado o PXOM da Coruña, probablemente en maio de 2013. O tema da titularidade das vías dos campus está sendo obxecto de estudo co Concello para a súa cesión definitiva ao Concello para o seu mantemento, do mesmo xeito que o custo das licenzas e a utilización das instalacións deportivas. Todos estes temas están sendo analizados e negociados con vistas a un convenio marco de colaboración. Está a soterrarse unha liña de media tensión no campus que foi unha reivindicación histórica da institución. Sobre a residencia universitaria pública nos campus coruñeses: non ten solución a día de hoxe por falta de financiamento da Xunta de Galicia. No tema de Ferrol, está a piques de pecharse a cesión do edificio Sotomayor. O reitor defende tamén a idoneidade da ANEP para realizar esa valoración externa dos grupos de

investigación. Valoración externa que achega un valor obxectivo moi importante para tomarmos decisións contrastadas e contrastables.

Sobre o sometemento da súa memoria de xestión á votación do Claustro, o reitor lembra que o ano anterior foi unha situación excepcional, polo cambio do equipo de goberno e do reitor, mais pasada a situación excepcional, o Claustro debe poder pronunciarse sobre esta memoria de xestión, porque así o demandan os Estatutos, que se modificaron precisamente no ano 2007 para darlle competencias neste sentido ao Claustro.

Sobre o tema do financiamento, o reitor lembra que a UDC nunca aprobou os sucesivos plans plurianuais de financiamento, porque por responder a criterios históricos, fornecía un financiamento insuficiente para o noso tamaño e fortalezas actuais. Neste ámbito, están a confeccionarse os indicadores da parte variable de financiamento, ou financiamento por resultados. Aínda que debamos adaptarnos a estas estruturas de financiamento, a UDC negouse a que se trasladasen 20 millóns desde a parte estrutural á parte variable no actual contexto, porque non é o momento axeitado. Comenta tamén o tema da baixa do 5% da masa salarial: a Xunta non dá concretado onde e como facelo para as tres universidades. Canto máis tardemos, máis tensións de tesouraría iremos contraendo. No seu momento, no ano 2004, decidiuse non endebedar a institución. Boa ou mala, o certo é que hoxe temos uns balances orzamentarios positivos, sen débeda. A liquidación provisoria de 2012 mellora xa na compensación dos desequilibrios dos déficit precedentes, derivados da existencia de remanentes non executados. Con todo, os indicadores que se están a negociar na Xunta revelan un bo balance sobre a nosa realidade, pois estamos nunha liña de mellora constatable, especialmente en investigación e transferencia, que é onde hai que seguir insistindo. Así, por exemplo, a captación do artigo 83 está sendo mellor valorada, precisamente porque se fixo un esforzo de transparencia e trazabilidade da súa xestión, co novo regulamento e os novos convenios coas entidades de xestión delegada. E ese indicador eleva o noso financiamento variable sensiblemente, porque é captación de fondos externos.

No tema da titulación de Medicina, continúaase traballando para impartir unha docencia descentralizada do grao único, aproveitando os recursos docentes e clínicos das outras dúas universidades galegas, Vigo e A

Coruña. Porén, os avances son moi lentos, pola presión existente na Universidade de Santiago.

O reitor insiste na política de conxelación de taxas, que é fundamental para garantir a igualdade de oportunidade nun contexto de baixada das bolsas do Ministerio, de crecemento da esixencia académica, nun momento de aumento da exclusión social e de depauperación das clases medias.

Sobre a reforma do goberno universitario, o reitor defende o actual modelo de goberno da Universidade, por ser ben máis democrático, transparente e participativo que o que formula o Informe de expertos presentado en febreiro de 2013. Hai marxes de mellora, con todo. Así, considera que o Consello Social non está a cumprir suficientemente coas misións que ten legalmente encomendadas de representación da sociedade civil, nin coa captación de recursos para a Universidade. O intervencionismo na autonomía universitaria é excesivo, tanto por parte do Ministerio de Facenda (taxas de reposición) como por parte da Consellaría de Facenda (orxamentos), e ese control excesivo está afogando o normal funcionamento da institución.

Sobre os asuntos mencionados polo profesor Méndez Salgueiro, o reitor considera que non debe entrar a valoralos, por estaren sometidos a procesos xudiciais na actualidade.

Sobre as solicitudes de máis persoal aos SAI, o reitor lembra que nestes momentos non é posible ter máis persoal fixo en ningunha universidade española, por mor das taxas de reposición tan reducidas que hai. Só se pode reordenar o persoal actual e centrarse nas prioridades, que debe ser, ao seu xuízo, a estabilización do PDI laboral que vai rematar contrato e seguiu a canle habitual de carreira académica. No ámbito do PAS, desenvolveuse unha reforma da RPT, combinando reordenación de efectivos cun proceso de funcionarización do PAS laboral. O reitor agradece neste sentido o esforzo e a responsabilidade con que os representantes do PAS afrontaron estas negociacións, finalmente exitosas.

O esforzo para mellorar a transferencia investigadora á sociedade traduciuse en diversas iniciativas da vicerreitoría correspondente: xornadas de difusión do portafolio investigador da Universidade, colaboración coa Xunta no deseño da estratexia de especialización intelixente no horizonte 2020 etc.

No ámbito das titulacións, desenvolvéronse distintas iniciativas destinadas a anticiparnos aos efectos do Decreto 222/2011, para que a nosa oferta de títulos sexa viable e aproveite todas as nosas vantaxes comparativas.

O reitor mostra a súa vontade de desenvolver programas sociais para paliar, dentro das disponibilidades orzamentarias da UDC, os problemas de impago de matrícula por parte dos estudantes.

Tras a anterior contestación, o reitor somete a memoria de xestión á valoración do Claustro, cos seguintes resultados:

Votos a favor: 95

Votos en contra: 30

Abstencións: 30

O documento aprobado figura como **anexo III** da presente acta.

3. Debate e aprobación, se proceder, do Documento misión, visión e valores do Plano estratéxico 2013-2020

O reitor cédelle a continuación a palabra á vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas, Amalia Blanco Louro, quen contextualiza o novo Plano estratéxico 2013-2020 e expón as fases e o procedemento que se vai levar a cabo para o elaborar e o aprobar, de conformidade coa folla de ruta aprobada xa polo Consello de Goberno do 21 de marzo.

A vicerreitora expón o documento de misión, visión e valores do Plano, que constitúe parte esencial da súa correcta e coherente formulación. Este documento xa foi aprobado polo Consello de Goberno.

Na quenda de intervencións que se abre a seguir, Jordi Delgado expón que, para formular correctamente a planificación estratéxica, o punto de partida correcto debería ser a avaliación do anterior plan estratéxico, cos datos correspondentes do seu acerto ou fracaso. O horizonte de planificación (2020) parécelle razoable, mais considera que pode haber falta de ambición, que nos pode pasar factura no futuro. Tamén opina que o documento MVV non coincide co do plan precedente. Sinala que acae a frase “*os referentes éticos comunmente aceptados*”, ou a participación nos órganos democráticos, e pregúntase por que. Por exemplo, considera que o

Caustro debería ter sido informado da concesión do doutoramento honoris causa a Thomas Hughes e Hanneke Van Bruggen. Desapareceu calquera mención a América Latina. Outra cuestión que lle dá que pensar é a referencia a laica e “inclusiva”, o que non se sabe se é unha referencia ao laicismo inclusivo. O desenvolvemento sustentable desapareceu en beneficio da conservación do medio ambiente. Tamén desapareceu a referencia ao europeísmo. En definitiva, un documento, aparentemente insubstancial, suscítalle moitas dúbidas, non tanto polo que hai, senón polo que desaparece.

Anxo Calvo coincide co profesor Delgado en que a planificación estratéxica é moi oportuna, mais discrepa con el en que o documento MVV non é un documento en absoluto banal, como sinalan os propios comentarios do anterior interveniente, respecto dos cales considera que obedecen a unha reordenación do documento de 2005. O documento non cambia as cuestións de fondo, senón que se adapta ás cuestións e enfoques que son prioritarios no 2013, e non deixa de ser a continuación da posición aprobada polo Claustro en maio de 2012. Non se fala de laicismo inclusivo. Aparece, porén, o valor do esforzo persoal, cousa que considera positiva.

Alejandro Pazos considera que no documento que se nos presenta non di nada. Fíxose un exercicio de cortar e pegar. Todo é excipiente, obviedades sen sustancia. Non se fala das funcións da Universidade. Non se fala das habilidades profesionais que adquiren os estudantes. Considera que non serve como documento inicial.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas contesta que as diferenzas entrambos os documentos de MVV non son tantas e débense a unha reordenación dos contidos, non a unha alteración substancial destes. Respecto do ámbito temporal, considera que é o horizonte acaído, dado que non coincide co do equipo de goberno, e permite un horizonte de planificación plurianual suficiente. A desaparición da alusión directa a Iberoamérica foi premeditada, porque se detectou que non había un consenso en que fose o foco privilexiado sobre o que hai que actuar, por exemplo, en materia de internacionalización, polo que cómpre que iso se debata e fíxese nas fases posteriores do procedemento da planificación estratéxica. Polo demais, non ten inconveniente en alterar a orde das palabras para evitar calquera confusión co tema do laicismo inclusivo.

O reitor intervén para aclarar que a valoración do plan estratéxico anterior pode utilizarse como elemento de xuízo e debate nos grupos de traballo, do mesmo xeito que ten habido un seguimento anual da planificación plurianual no propio Claustro, cando se someten as liñas xerais do orzamento en cada mes de decembro. Ofrece a vontade de aceptar a participación de calquera persoa nos grupos de traballo para que o proceso sexa o máis inclusivo posible.

Tras o anterior, apróbase por asentimento o documento que figura como **anexo IV** da presente acta

4. Eleccións dos representantes dos estudantes claustrais (sector C) na Mesa do Claustro, Comisión Electoral Central e Consello de Goberno, e dun representante das restantes categorías de PDI (sector B) na Mesa do Claustro

O secretario xeral informa ao Claustro que se presentaron onte tantas candidaturas como postos para cubrir nos procesos electorais previstos para o punto 4 da orde do día, polo que, de non haber impugnacións á proclamación provisoria, non será necesario realizar votación.

O secretario xeral dá lectura ás candidaturas proclamadas provisoriamente:

a) Sector B (restantes categorías do PDI) na Mesa do Claustro: Pedro Gil Manso (hai un posto para cubrir).

b) Sector C (estudantes).

- Representantes en Mesa de Claustro (3): Nuria Balboa Rodríguez, Víctor Diges Teijeira, Ernesto Vázquez-Rey Farto.
- Representantes en Consello de Goberno (6): Alba Castanedo Sánchez, Gonzalo Faya Filgueira, Emilio Lage Rodríguez, Xandra Ripoll Vázquez, Sonia Rodríguez Beltrán, Miguel Valeiro Mouriño.
- Representante en Comisión Electoral Central (1): Severino Salgueiro.

A documentación relativa a estas candidaturas figura como **anexo V** da acta.

5. Quenda aberta de intervencións

O reitor abre a quenda aberta de intervencións.

Antes de dar paso ás intervencións, o reitor aclara que o Claustro ten delegada na Mesa a concesión das honras *honoris causa* aos profesores Thomas Hugues e Johanna Elisabeth Van Bruggen. Do acordo da Mesa do 15 de abril de 2013 informouse ao Consello de Goberno dese mesmo mes, e era intención do reitor informar agora o Claustro. O reitor expón os méritos dos anteriores profesores e o procedemento seguido para o outorgamento da honra.

Fernando Murúa, estudante de Ferrol, considera en primeiro lugar que a residencia de Ferrol é unha absoluta mentira, e unha vergoña. O tema das UXAI parécelle que vulnera o artigo 8 da LOU. Considérao un desmantelamento do centro. Estanlle quitando as bolsas de colaboración aos estudantes, pasaron de 13 a 4. Hoxe van sacar os expedientes do centro, e houbo unha sentada de estudantes para evitalo.

Roberto Murado, estudante da EUP de Serantes, pon de manifesto as carencias deste centro, en especial o tema dos buses (escasa frecuencia, prezos de 82 cts., distancia das paradas), que o fan un centro discriminado respecto doutros centros da Universidade. Tamén o tema do servizo municipal de “bicis”, que está bastante vetado. O aparcamento: supresión da partida para alugar a parcela de aparcamento en Serantes. Protesta contra a supresión do caixeiro automático do Banco Santander. Verbo da unificación das enxeñarías de Ferrol nun único centro en Esteiro, pregunta como se vai facer o traslado dos estudantes. Considera que iso vai supor a masificación do estudantado.

José Ramón Méndez Salgueiro solicita engadir á acta a documentación correspondente a dúas sentenzas referentes ao primeiro dos procedementos disciplinarios que lle afectan e a unha denuncia presentada por dúas alumnas do seu centro. Solicita que se lle conteste expresamente este pedimento.

Brais Arias, representante de estudantes, comeza a súa intervención manifestando a súa protesta polo feito de que cando comeza a quenda aberta de intervencións todo o mundo marche do Claustro. Pregunta sobre

os escritorios virtuais en aulas e despachos: páganse 175 000 € en licenzas polo software? Por que se pagan estas licenzas cando hai software libre dispoñible, e o programa electoral do equipo de goberno aposta polo software libre?

Xosé Portela renuncia á súa intervención.

Miguel Valeiro considera que hai moi poucas reunións do Claustro e solicita que se fagan máis para poder debater todos os temas da universidade como se merecen, con profundidade. Respecto das eleccións de estudantes, considera que a baixa participación é culpa da Universidade por non promocionar e difundir máis. Solicita, por último, que haxa un regulamento de folga na Universidade.

Alba Castanedo solicita que se actualice a listaxe de persoas que teñen doutoramento honoris causa na web da UDC, suprimíndose a José Luis Méndez López.

Gonzalo Faya, en representación dos estudantes da EUAT solicita que as intervencións dos claustrais sexan máis breves e menos soporíferas, para que os estudantes poidan falar máis na quenda aberta de intervencións. Considera que había que ter renovado antes a representación do sector do estudiantado no Consello de Goberno. Solicita información sobre o expediente disciplinario aberto a un profesor da súa escola. Dá lectura a un escrito dirixido ao reitor sobre o cambio de denominación da titulación, e solicita que se una á acta da sesión. No escrito solicítase que se cambie a denominación adoptada polo Consello de Goberno (Arquitectura Técnica), e se acepte a proposta aprobada pola xunta do seu centro; e que os estudantes sexan informados de forma individualizada; e que non se cambie a denominación na web mentres que non se aprobe a nova denominación.

Ernesto Vazquez-Rey Farto celebra a intervención do estudante da EUP, e felicítase pola asistencia dos estudantes de Ferrol. Pregunta polas dilixencias informativas do profesor Bello Janeiro. En materia de representación dos estudantes no Consello de Goberno, lembra que non hai estudantes no consello asesor da Unidade de Estudos Propios, cousa que hai que corrixir. Solicita tamén unha cota de participación dos estudantes de terceiro ciclo no Consello de Goberno.

Emilio Lage, representante de IESGA, pide que en temas de residencia universitaria, suba de taxas, bolsas aos estudantes, haxa unha maior contundencia na defensa dos estudantes. Tamén denuncia a falta de persoal no SAPE. En materia de normativas de permanencia, considera que hai que darlle unha solución ás “materias tapón”.

O reitor contesta conxuntamente as anteriores intervencións. A residencia de Ferrol é un paso positivo, aínda que conxuntural e provisional. As UXAI non son ilegais, obedecen a unha reordenación de efectivos destinada a facer máis eficiente a prestación do servizo. A EUP ten unha situación singular, illada no campus de Serantes. Lembra o esforzo que se fixo para integrar os graos das enxeñarías. Iso tiña un horizonte de integración futura en Esteiro, que está máis preto do centro de Ferrol. Mais non hai unha solución concreta para dar cabida axeitadamente a todos os servizos e estudantes. Mentres tanto, negociouse coa empresa titular da concesión de transporte urbano na zona de Serantes e non se chegou a ningún acordo, porque non queren perder diñeiro. Toma nota sobre o caixeiro do Banco Santander en Serantes. O reitor pásalle a palabra ao secretario xeral, que explica que o claustal non ten dereito a anexar calquera clase de documentación que non se relacione cos puntos da orde do día. Si pode formular un voto particular a puntos da orde do día, ou achegar a transcripción literal da súa intervención para a súa constancia na acta da sesión. O reitor retoma a súa réplica, indicando que o Claustro non pode reunirse moi a miúdo, porque non é o órgano ordinario do goberno, que é o Consello de Goberno. Este reúnese cada mes. Sobre o voto electrónico e os cartaces, considera que son temas mellorables, que requiren da colaboración de todos. Sobre a retirada na web do doutoramento honoris causa a José Luis Méndez, di que se corraxirá en breve. Sobre a denominación do grao de Enxeñaría da Edificación, lembra que a proposta do centro foi moi creativa, pero inviable polos riscos de impugnación que presenta. As dilixencias informativas abertas ao profesor Domingo Bello pecháronse cun apercibimento. O expediente disciplinario aberto ao profesor Pinedo está actualmente en curso, e agárdase pechaloo no próximo mes. Respecto da participación dos estudantes, o reitor lembra o compromiso do equipo de goberno coa representación estudantil, polo que se procurará revisar a representación na Unidade de Estudos Propios. Sobre o software libre dos escritorios virtuais, o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, indica que o software libre utilizado en fase de probas se revelou insuficiente para dar servizo ao volume de escritorios virtuais, polo que houbo que optar por software con licenza.

Finalizada a réplica, e tras agradecer a todos os asistentes a súa participación, o Presidente remata a sesión ás 14.50 horas.

De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xose Luís Armesto Barbeito